

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 5 DE MARZO DE 2021.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 13 horas e dezaoito minutos do día 5 de marzo de 2021 reúnese en sesión extraordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (ALCALDESA)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .
D^a CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE).
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ(RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GOMEZ (PP)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO, ALCALDESA.-BO DÍA A TODOS E TODAS. QUERO SAUDAROS A TODOS,ESPECIALMENTE AO PÚBLICO QUE NOS SEGUE TELEMÁTICAMENTE.

IMOS DAR COMENZO A SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE 5 DE MARZO DE 2021.

IMOS PASAR AO PRIMEIRO PUNTO DA ORDE DO DÍA. 1 RATICACIÓN DA URXENCIA. A URXENCIA VEN MOTIVADA POLO NOSO COMPROMISO DE EMPEZAR A TRABALLAR SEN PERDER UN MINUTO. E PARA PODER TRABALLAR É IMPRESCINDIBLE O ORZAMENTO QUE REFLEXA O PROXECTO DO EQUIPO DE GOBERNO, PARA NOS É O DOCUMENTO ANUAL MÁIS IMPORTANTE DO CONCELLO, CO CAL A URXENCIA ESTÁ MÁIS QUE XUSTIFICADA.

ESTOU COORDINANDO UNHA COMISIÓN MUNICIPAL DA COVID CON PRESENZA DO SERGAS, DA POLICÍA LOCAL E DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS. A VACINACIÓN RETOMASE ESTA TARDE. A DATA DE HOXE HAI CATRO PACIENTES INFECTADOS EN RIBADAVIA.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.-

SOMETIDA A VOTACIÓN A URXENCIA É APROBADA POR UNANIMIDADE.

2.- APROBACIÓN INICIAL SE PROCEDE DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2021.

D^a Noelia Rodríguez Travieso, Alcaldesa.- Iremos a tratar de ser respectuosos cos tempos de intervención. Neste punto que é o máis importante do pleno, as intervencións poden ser máis extensas.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Bos días a todos e todas, e ao público que nos segue dende as súas casas. Lles recordo aos concelleiros e veciños e veciñas que como xa nos comprometáramos, íamos a presentar os orzamentos a pleno esta semana. A presentación dos orzamentos conleva un gran esforzo por parte do grupo de goberno e dos funcionarios.

O 4 de marzo celebrouse unha comisión especial de Contas para recepcionar as propostas dos grupos políticos. Levamos a cabo xuntanzas e reunións con asociacións e entidades para presentar os orzamentos e recibir achegas.

O goberno dixo dende o minuto un que era necesario a aprobación e a entrada en vigor do orzamento. A potencialidade do mesmo en moitos eidos visualizárase coa entrada en vigor.

Se houberse unha carta onda da pandemia hai ferramentas suficientes para poder ampliar os créditos.

Vou a facer un resumo breve, está todo moi falado. Moitas cuestións xa foron abordadas, de forma reiterada, cando eramos oposición. Ningún pode dicir que non se debatiron en sede plenaria. A nosa pauta de traballo vai a ser que os orzamentos se presenten no pleno, antes de iniciarse o exercicio en curso. Como resultado dun esforzo moi importante hai que suñar que ningún clube ou asociación vai a sufrir rebaixa na súa asignación. Incluso se sube a asignación a algunha asociación.

Está sen resolverse a situación do campo do Xestal. Hai previstas melloras no pavillón de Maquiáns.

Dótase unha partida importante para o asilo Nosa señora dos Anxos. Hai un informe do xerente que pormenoriza o aumento do gasto ocasionado pola pandemia. Se prevén axudas a hostalería e diversas medidas de contido social para os máis perxudicados pola crise, como o pago das facturas da luz a parados, os cheques -bebé e un Plan de Emprego e Colaboración Social.

Se melloran as condicións laborais do Grupo de Emerxencias Supramunicipal e do Servizo de axuda no fogar. Foron fundamentais na xestión da covid e non foron recoñecidos os seus méritos.

Se orzamentan ámbitos de actuación reclamados pola veciñanza, como limpeza e xardinería.

As beirarrúas de San Cristovo se van a levar a cabo coa colaboración da Confederación Hidrográfica Miño Sil.

Hai dotación para as Infraestruturas Deportivas e Culturais.

Todo o antedito combinado cos gastos orixinados na xestión ordinaria do concello.

Esperamos que saia aprobado este documento imprescindible para traballar polo concello.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez(BNG).-Me vou a extender máis neste punto; é o documento máis importante que se presenta no concello. Vou facer unha serie de propostasl.

Recibimos a convocatoria á xunta de portavoces o día 2, na que se anunciou un pleno extraordinario.

O día tres presentamos as nosas propostas e unha serie de preguntas. Se nos contestou pero non se dixo se se ía a incluír. En vinte catro horas recibimos a convocatoria do pleno e a proposta de orzamentos. Traballan raudos e veloces .Sabemos as regras do xogo, teñen maioría; pero a vía de tramitación fai imposible o debate. Calquera que estivera na oposición diría o mesmo.

Estamos moi de acordo no tema do emprego e da colaboración social, temos moitas dúbidas que vaia máis alá do asistencial.

Respecto ao cheque-bebé de 100 euros por familia, o que realmente axuda é a conciliación. Habería que incrementar a dotación no caso de familias monoparentais. Cando hai un agravamento da situación de dependencia e se pasa a grado dous ou tres, que ata que chega a axuda correspondente, que o concello asuma a diferenza durante eses meses como axuda social.

Respecto ao asilo de Nosa Señora dos Anxos que a axuda se faga estrutural, hai que investir nun proxecto de futuro, cunhas novas instalacións xestionadas desde Ribadavia.

O tecido asociativo debe ser axudado, temos colectivos asociados de existencia centenaria, que organizan eventos moi importantes.

Que os criterios no reparto das axudas sexan publicidade , igualdade e transparencia, que se faga unha convocatoria de axudas aberta a todos.

Non estamos de acordo en que diminúa a partida de turismo e se incremente a de divulgación da actividade municipal.

Reiteramos a demanda xa feita anteriormente que no 2021 se suprima a taxa por cambio de titularidade de actividades.

Que se recupere o viveiro de empresas na sede do Consello Regulador.

Instamos a que se consensúe un plan de obras equilibrado para todos os pobos.

Que se faga un catálogo de vivenda pública que dinamice a ocupación.

Pedimos unha redución do imposto de bens inmobles para os locais alugados. E exención do de rústica para os terreos explotados.

Que se estuden os custes da recollida de lixo e do servizo de recadación municipal. Que se traten de reducir os custes da iluminación.

Que se elabore un plan de racionalización dos edificios e espazos públicos.

Que se concentren os recursos na reactivación económica e na axuda social. O ano pasado se falou e se acordo unha cantidade de 120.000 euros para pemes, autónomos e emerxencia social.

O ano pasado non houbo Feira do viño nin entroido, tampouco parece que o vai a haber este ano.

Fagamos un plan anticrise e chamemos a porta de todas as administracións.

D César Fernández Gil (PP).- Coincido co sinalado pola portavoz do PP no relativo á forma e o iter para aprobar este orzamento.

Nos presentamos un escrito de propostas ao orzamento, son ben acollidas, pero non aparece ningunha no documento. O noso voto sería favorable se se acollesen as nosas propostas.

Hai unha parte importante do orzamento que ven do traballo que deixou feito o anterior goberno.

Hai un erro, probablemente froito da prisa ou da urxencia, se prevén 5.700 euros para subvención do transporte escolar do CEIP Plurilingüe Ribadavia . O gasto é de 3.900 euros , se incluían 1.800 euros para as máscaras dos nenos do colexio , que van no concepto subvención nominativa CEIP Plurilingüe Ribadavia.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.-Non parece de recibo vir a criticar que este goberno saque adiante o orzamento o antes posible. Estamos a marzo, se perderon meses. Un concello sen orzamento non funciona. No mesmo pleno da moción de censura, o día vinte tres de febreiro anunciamos que a nosa prioridade era aprobar o orzamento o antes posible. Non parece serio finxir ou actuar como que isto lles colle de sorpresa.

A predisposición ao diálogo pola nosa parte vai a ser permanente.E que o pleno sexa o foro principal da actuación municipal, non imos a despozar ao pleno das súas competencias e recortar as súas funcións, como fixeron outros.

Nos tiñamos dúas opcións , abrir un proceso dun novo orzamento, cun diálogo lento cos grupos e coas asociacións.Se houbera tempo e outras circunstancias se tería feito, pero a xente que o está pasando mal pide urxencia e non pode esperar que a presentación do orzamento se demorase ata o mes de abril. Outros non trouxeron o orzamento en febreiro. A algún lle da a risa, é unha forma de faltar ao respecto.Nos nunca faltamos ao respecto cando eramos oposición, nin se facían perfís troll como fai o entorno do Partido Popular, non o Partido Popular, para atacar a representantes públicos.

De cara ao ano 2022 nos iniciaremos o proceso de elaboración do orzamento en outubro ou novembro de este ano.

Asumimos todas as propostas do BNG, algunhas son reivindicacións do propio goberno. Son positivas, o BNG ten as portas do goberno abertas por afinidade e coincidencias programáticas. A súa postura de non estar no goberno é tan lexítima como se estivese nel.

Hai algunhas frases que non se entenden, non entendo a frase o concello está sendo levado a unha deriva.

No desenvolvemento das bases de axudas sociais pode haber coincidencia, pola nosa parte plena disposición. A proposta estará a próxima semana. Os orzamentos son limitados, aínda que se aumenten 300.000 euros.

Hai problemas estruturais que un orzamento municipal non pode resolver.

O anterior goberno chegou a finais de febreiro sen presentar siquera os orzamentos. Non se chegaron a dar a Ribeiro en común, nin ao PSOE; sí ao BNG. Nin en formato dixital nin escrito. Se dicen cousas que non coinciden coa realidade.

Sobre as propostas do Partido Popular non se pode propoñer que dúas persoas que estiveron dous anos con eles ao 50% da xornada, e sen aumentar a xornada e que na proposta de orzamento se lles incrementa ao 80%, é curioso que se faga a proposta de aumentar ao 100%. Que o fixeran cando eran goberno. A nosa intención no próximo orzamento é aumentar ao 100% da xornada.

Decir que as axudas a autónomos e hostaleiros é pequena, sendo vicepresidente da Deputación, a proposta se fai en Ribadavia, non se fai na Deputación. Non hai lugar a esa proposta dada a urxencia de contar cun orzamento. No caso de que a crise se profundice, se ampliarían as partidas.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O orzamento é un dos documentos máis importantes dun concello. Agora teñen máis xente no grupo de goberno para poder traballar. Me alegra que traballen tan rápido. É diferente estar na oposición que estar no goberno, o BNG quere ver que o fan ven. BNG non quería que gobernase o PP.

Agradecer ao PSOE que sempre quiso que eu estivese no goberno. Eu aprecio a don José Ignacio Gómez Pérez moito máis do que el poida pensar. Agradecer ao goberno que quisesen que eu formase parte de él.

A mín me citaron para recoller o documento dos orzamentos e o recollín, o día que vostedes presentaban unha moción de censura.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- A nos non se nos entregou o documento por ese motivo.

D César Fernández Gil (PP).- Entendo que van a modificar a literalidade do gasto de transporte ao CEIP.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Francamente agradecer que non haxa votos en contra. As dinámicas partidistas levan a posicións distinta. Nos temos a vontade de que o BNG estivese no goberno.

Este orzamento é unha moi boa ferramenta para traballar. A nosa vocación é que todo pase polo pleno.

Á pregunta do PP entendemos que a partida fai falta tal como vai. Hai investimentos que debería facer a Xunta que se absten da súa responsabilidade. A partida é necesaria, se ampliará a súa literatura, para que quede clara e non leve a equívocos.

Sometida a votación a proposta obtéñese o seguinte resultado , votos a prol PSOE (4), RENC (3), abstencións PP (5) e BNG (1), fica aprobada.

3.-APROBACIÓN DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DÍA DA MULLER .

A alcaldesa dona Noelia Rodríguez Travieso procede á lectura da declaración institucional con motivo do 8 de marzo do día da Muller:

Cara a este oito de marzo a ONU emprega a pandemia como claro exemplo do valor das mulleres no futuro da humanidade, pero tamén como evidencia da persistente discriminación e vulnerabilidade que sofren por mor do seu xénero. Dunha parte, a maior rapidez e éxito na resposta á pandemia de Alemania, Dinamarca, Etiopía, Finlandia, Islandia, Nova Zelandia ou Eslovaquia, países todos eles dirixidos por xefas de goberno, acadaron o recoñecemento da comunidade internacional e puxeron baixo os focos a eficacia do liderado feminino.

Na batalla sobre o chan as mulleres levaron máis peso, en tanto que son maioría no persoal sociosanitario e que, froito da desigualdade, tamén na vida privada asumen unha carga moito maior no coidado dos menores e persoas dependentes. Por outra banda, cómpre sinalar que as medidas para conter o coronavirus xeraron circunstancias que agravaron a maior das crueldades do machismo, a violencia sobre as mulleres.

Dende a súa orixe, a humanidade ten unha gran conta pendente co xénero feminino en materia de xustiza social. O traballo remunerado, o voto, o acceso aos estudos, a patria potestade, a independencia económica, a

eliminación do delito de adulterio... Cada dereito adquirido polas mulleres tivo que vencer a oposición dun patriarcado contrario a renunciar á súa situación dominante.

Feitos coma que hoxe en día as mulleres europeas teñen que traballar unha media de 53 días máis que os homes para acadar a mesma remuneración polo mesmo traballo, ou que a brecha de abandonos e reducións de xornadas laborais para facer de coidadoras aumentara un 27% en prexuízo das mulleres (sacrificio moitas veces solventable cunha maior corresponsabilidade dos homes ou medidas de conciliación coma o teletraballo), amosan o longo percorrido que resta para acadar a igualdade de facto mesmo na rexión do mundo con maiores logros na materia.

As melloras políticas e normativas son fundamentais para avanzar, pero para a igualdade real é imprescindible a vontade social de cambiar as cousas. E a xeración desa vontade precisa de máis acción que o clamor de un día. A mensaxe do 8M debe estar presente nas consciencias e accións de todas as persoas, entidades e institucións día tras día. Sempre. Nese punto, en tanto que administración pública e máis próxima á cidadanía, os concellos temos unha grande responsabilidade e potencial á hora de modelar unha sociedade evolucionada e progresista.

Dende o Concello de Ribadavia manifestamos o noso compromiso coa defensa e fomento da igualdade entre homes e mulleres, o 8M e os restantes trescentos sesenta e catro días do ano. As mulleres contan coa nosa determinación para priorizar e promover en todos os eidos aos que poidamos chegar, as políticas e medidas que contribúan ao verdadeiro respecto dos seus dereitos e establecemento a xustiza social, especialmente aquelas accións que traballen na concienciación dos nosos veciños e na axuda a cada unha das rapazas e mulleres para que, en igualdade de oportunidades e condicións que os homes, poidan ocupar na sociedade o lugar que lles corresponde por dereito propio e que non é outro que o que elas desexen

D César Fernández Gil (PP).- Nos adherimos, de cara ao futuro, que se poida consensuar previamente.

Alcaldesa.- Ven da propia Fegamp.

Sometido a votación é aprobado por unanimidade.

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

Considerando que con data 26 de novembro de 2020 o pleno do concello de Ribadavia adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Plan Municipal de Prevención de Incendios forestais de Ribadavia.

SEGUNDO.- Someter o Plan Municipal de Prevención de Incendios forestais de Ribadavia a información pública polo prazo de vinte días durante o cal se poderán presentar as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas, mediante anuncio a publicar no BOP de Ourense e na páxina web do concello.

TERCEIRO.- Solicitar á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural informe aos efectos previstos no artigo 16.3 da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais.

Considerando que o Plan Municipal de Prevención de Incendios forestais de Ribadavia foi sometido a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 20 días mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense número 292 , de data 21 de decembro de 2020.

Considerando que non se formularon alegacións no prazo de exposición pública.

Visto o informe favorable da Dirección Xeral de Defensa do Monte sobre o Plan Municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de Ribadavia de data 18 de febreiro de 2021.

ACÓRDASE:

-Aprobar definitivamente o Plan Municipal de Prevención e defensa contra incendios forestais de Ribadavia.

-Notificar o presente acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural.

Alcaldesa.- Este plan xa foi aprobado inicialmente polo pleno, se expuso ao público sen ningunha alegación , e agora se somete á aprobación definitiva , seguindo a tramitación legal.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

5.-MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES .

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 3 de marzo de 2021,que incorpórase ao presente acordo como motivación aos efectos previstos no artigo 88.6 da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Considerando que os Estatutos do Consello Municipal de Deportes na redacción actual dispoñen:

Artigo 5 Composición.

O Consello Reitor estará integrado por un número impar de membros con voz e voto, entre os que serán :

Presidente: Alcalde de Ribadavia.

Vicepresidente: Concelleiro de Deportes do Concello de Ribadavia.

PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5 dos Estatutos do Consello Municipal de Deportes que pasaría a ter a seguinte redacción:

Presidente/a: Alcalde/sa de Ribadavia ou persoa na que delegue.

Vicepresidente/a: Concelleiro/a de Deportes do Concello de Ribadavia, se fose o caso,ou persoa na que delegue.

SEGUNDO.- Someter o presente expediente a información pública e audiencia dos interesados , por prazo de trinta días para que presenten reclamacións e suxerencias, que serían resoltas ,no seu caso, polo pleno. En caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo inicial, debíndose

publicar a presente modificación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na páxina web do concello de Ribadavia.

Alcaldesa.- Nos Estatutos non se contemplaba a posibilidade de que o alcalde/sa puidese delegar a presidencia .

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- É unha cuestión procedimental, fai máis flexible o funcionamento do Consello Municipal de Deportes, sen interferir en nada no seu funcionamento.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- É moi importante e, moi positivo, que se empregue unha linguaxe inclusiva , pero o importante son os feitos, ¿ cantas mulleres forman parte do Consello Municipal de Deportes?

Das subvencións ao deporte que da a Xunta de Galicia ¿ qué parte vai ao deporte feminino?

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.-Moitas grazas aos grupos polo seu apoio. Seguramente haxa máis modificacións ao longo do ano. É necesaria a participación de máis mulleres no Consello Municipal de Deportes. O domingo vai a celebrarse unha actividade anunciada con dous equipos de fútbol sala femininos. Todos no Consello Municipal de deportes queremos potenciar máis o deporte feminino.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

6.- INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DA ASOCIACIÓN CULTURAL RIBADAVIA ACTIVA-T.

Vista a solicitude presentada con rexistro de entrada no concello 834 de 12 de febreiro de 2021 por dona Bárbara Gándara Rojo, en representación da Asociación Cultural Ribadavia Activa-T de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións de Ribadavia.

Vista á documentación adxunta á solicitude : estatutos, número de identificación fiscal, Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte de inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas de Galicia.

Acordase:

-Inscribir a Asociación Cultural Ribadavia Activa -T no Rexistro Municipal de Asociacións de Ribadavia.

Alcaldesa.- A asociación Ribadavia Activa-T non estaba inscrita no Rexistro municipal de asociacións, presentou a documentación necesaria e se vai a escribir.É un mero trámite administrativo.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

Alcaldesa.- Moitas grazas a todas e todos pola vosa asistencia , traballo e respecto.

E sendo ás catorce horas e quince minutos a Sra Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión.